

Decreto 339/1996, do 13 de setembro, de asunción de servizos transferidos á Comunidade Autónoma mediante o Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo, sobre o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura ó Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) en canto ás actuacións relativas á intervención e regulación de mercados, e da asignación dos medios asumidos ó Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGG), organismo autónomo de carácter comercial e financeiro adscrito á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Polo Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo, transferíronse á Comunidade Autónoma de Galicia os medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura, segundo o acordado no convenio de colaboración asinado entre ámbalas dúas administracións, sobre a intervención e regulación de mercados.

Semella, pois, conveniente, asumir de forma expresa tales medios, que se consignan relacionados no antedito Real decreto, nos termos e condicións especificados no acordo da Comisión Mixta de Transferencias, e asignárllelos ós órganos correspondentes da Administración autonómica de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de setembro de mil novecentos noventa e seis,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Quedan asumidas as funcións e servizos traspasados pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo, sobre a xestión encomendada en materia de agricultura ó Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) en canto ás actuacións relativas á intervención e regulación de mercados nos termos e condicións especificados no acordo da Comisión Mixta de Transferencias publicado coma anexo ó devandito real decreto.

2. Quedan asumidos os medios persoais e orzamentarios traspasados pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo, dos medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura (FEGA) en canto ás actuacións relativas á intervención e regulación de mercados nos termos e condicións especificados no acordo da Comisión Mixta de Transferencias publicado como anexo ó devandito real decreto.

Os bens, dereitos e obrigas, así coma o persoal e créditos orzamentarios que figuran nas relacións adxuntas ó anexo do real decreto citado asígnanse

ó Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGG), organismo autónomo de carácter comercial e financeiro adscrito á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Disposicións derradeiras

Primeira. O conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes dictará cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do presente decreto.

Segunda. Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trece de setembro de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Decreto 340/1996, do 13 de setembro, polo que se asumen funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Real decreto 1642/1996, do 5 de xullo, en materia de mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social e se asignan á Consellería de Economía e Facenda.

A Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, transferiu, de acordo co previsto no artigo 150.2º da Constitución, diversas competencias de titularidade estatal á Comunidade Autónoma galega, coa finalidade de que esta complete as competencias que pode exercer, equiparándoa a outras comunidades autónomas.

En aplicación do previsto no artigo 8 da citada lei orgánica, por medio do Real decreto 1642/1996, do 5 de xullo, traspasáronse a Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración xeral do Estado en materia de mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social.

Resulta, pois, conveniente asumir de forma expresa tales funcións e servizos, que se relacionan no antedito real decreto, nos termos e condicións acordados pola Comisión Mixta de Transferencias prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, e asignárllelos ós órganos correspondentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do exposto, e en exercicio da potestade de autoorganización prevista no artigo 27.2º do Estatuto de autonomía, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na

súa reunión do día trece de setembro de mil novecentos noventa e seis,

DISPOÑO

Artigo 1º.—Asúmense as funcións e servicios tras pasados á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do Real decreto 1642/1996, do 5 de xullo, en materia de mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social, así como os medios orzamentarios a eles adscritos, nos termos e condicións sinalados no acordo adoptado pola Comisión Mixta de Transferencias na súa reunión do 25 de xuño de 1996, publicado como anexo do citado real decreto.

Artigo 2º.—As funcións e servicios asumidos de conformidade co disposto no artigo anterior, así como os créditos orzamentarios a eles adscritos, asígnanse á Consellería de Economía e Facenda.

Disposicións derradeiras

Primeira.—O conselleiro de Economía e Facenda dictará as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do presente decreto.

Segunda.—Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trece de setembro de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

Orde do 3 de setembro de 1996 pola que se fixa o prezo de venda ó público da publicación Manual de Prestacións Socioeconómicas en Servicios Sociais.

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e depois de emitido informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería,

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ó público da publicación editada por esta consellería, e que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase, con IVE incluído. Santiago de Compostela, 3 de setembro de 1996.

José María Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade e Servicos Sociais

ANEXO I

Manual de Prestacións Socioeconómicas en Servicos Sociais: 1.235 pesetas.

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 7 de xuño de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, depósito e publicación no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Grupo Cruzcampo, S.A.

Visto o expediente do convenio colectivo para a empresa *Grupo Cruzcampo, S.A.*, que tivo entrada nesta delegación provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o día 6-6-1996, subscrito en representación da parte económica por unha representación da empresa, e da parte social, polos delegados de persoal, o 12-1-1996. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial de Pontevedra,

ACORDA:

Primeiro.—Ordena-la súa inscrición no Libro de Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.—Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC).

Terceiro.—Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 7 de xuño de 1996.

Antonio Coello Bufill
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo 1995. *Grupo Cruzcampo, S.A.*
Mos

Capítulo I

Disposición xerais

Artigo 1º.—Ámbito territorial, funcional e persoal. As estipulacións do presente convenio colectivo afectarán a todo o persoal que preste os seus servicos